

O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA (TUE) ASINADO EN MAASTRICHT (*)

ANÁLISE E POSICIÓN POLÍTICA
DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Setembro de 1992

A) A FACIANA ECONÓMICA

No plano económico, os acordos de Maastricht (Tratado da Unión Europea) conteñen un deseño de política económica e marcan unhas pautas de actuación das institucións da CE sabor da base económica do espazo abranguido polo marco institucional comunitario, que amosan as seguintes características reveladoras doutras tantas eivas:

1.- Unha política de servidume absoluta á estratexia do grande capital transnacional.

En rigor, tratase dunha estratexia de política económica deseñada polos centros de poder do grande capital financeiro e definida sectorialmente polas grandes corporacións transnacionais nos diversos ramos, para ser veiculizada e aplicada a traveso da normativa elaborada e acción de goberno exercida polos Órganos do poder executivo da CE con sede en Bruxelas [o Consello a Comisión Europeos).

Non se trata, pois, dunha estratexia elaborada de abaixo a arriba, por integración dos deseños de política económica axeitados á realidade de base e á problemática xenuína das diversas economías que compoñen o espazo da CE. Nin tan sequera a partir das estratexias de política económica dos Estados membros da Comunidade. Pola contra, é un deseño estratéxico elaborado dende arriba, polos centros de decisión dunha trama que transcende e interpenetra as fronteiras e os poderes políticos dos diversos Estados. Un deseño ao que os Estados membros da CE terán que axustarse, séxalles doado ou non, modificando no que compra as súas respectivas orientacións de política económica, que a partir de aí xa non poderán definir eles en función das características e necesidades das súas propias bases económicas, senón da converxencia cara a plena acomodación ás pautas uniformes definidas pola CE.

Noutras verbas: os acordos de Maastricht son a consecuencia do precedente proceso de transnacionalización do capital no recinto do MCE e da conseguinte concentración do poder e centralización das decisións nos circuitos financeiros e nos sectores chave dos aparellos produtivos do conxunto da CEE. Ese entramado subsume progresivamente e somete ás súas decisións estratéxicas aos grupos empresariais outrora dominantes nos diversos espazos rexionais ou nacionais sen fronteiras (como Galiza) e mesmo nos diferentes ámbitos políticos estatais até constituír unha rede de poder paralela á dos distintos aparellos de Estado. Un entramado que constitúe un anacronismo seguir a denominar "sector privado", pois configura un poder supraestatal e, por riba, centralizado e alleo ás estruturas democráticas de vertebración política das

sociedades e dos pobos europeos, Ese poder paralelo é o que dita os acordos de Maastricht e os contidos primordiais das normas do TUE, que terán coma executores político-institucionais ao Consello e Comisión Europeos.

2.- Unha política letal para o desenvolvemento económico endóxico dos diversos pobos europeos e para unha DIT baseada nas súas respectivas vantaxes comparativas.

O proceso de mutilación que está a padecer a economía galega dende hai máis dunha década non é froito do azar, nin de eivas conxénitas propias, nin de erros ou deficiencias na negociación da adhesión española á CEE ou desaxustes transitorios no proceso de integración. Está no cerne da lóxica que preside e inspira o TUE asinado en Maastricht, os seus principios estratéxicos e as súas regras de xogo. Se o deseño da unión económica non o elaboran os pobos europeos nin tan sequera os estados membros, senón o entramado económico e a rede de centros de decisión dos grandes grupos transnacionais, é natural que ese deseño responda á súa lóxica de asignación de recursos, e non das estruturas produtivas de cada país -Galiza e demais- nin sequera de cada recinto estatal. E canto menos central e máis periférica sexa a economía de cada quen dentro da CEE, canto menos se axuste ao prototipo dunha estrutura desenrolada e máis feitío teña de estrutura subdesenvolvida, tanto menos encaixábel resultará no deseño de DIT concibido polo capital transnacional, construído no proceso de transnacionalización dos procesos produtivos e das decisións económicas, e posto en música no Tratado da unión Europea. É o deseño dunha estrutura tentacular que pivota no centro do subsistema económico transnacional europeo, como os oito brazos dun xigantesco polbo.

O problema de dous sectores produtivos galegos tan dispares, aínda que estratéxicos os dous para a nosa economía, como a construción naval e a gandería, non radica nin radica nos seus niveis de "produtividade" ou nos seus grados de "competitividade". En plena crise (léase "reconversión" desmanteladora) da construción naval galega, mentres o Goberno Español, coa escusa de acatar directrices europeas, negábase a que o repertorio de subvencións ao sector superase en conxunto o vinte e algo por cen do valor da produción, no Estado francés as mesmas subvencións ao mesmo sector achegábanse ao cincuenta por cento. No tocante ao sector gandeiro, agora mesmo aínda, unha "subdesenvolvida" explotación agraria galega ou calquera outra do Estado español recibe, en promedio, vinte veces menos subvencións (154.000 pta. fronte a 3.700.000 pta..) que unha calquera das "modernísimas" explotacións agrarias holandesas ás que disque ternos que tomar como modelo de "produtividade" e de "competitividade". Os grandes cortan o bacallau ao seu gusto, e o seu Santo Oficio imponnos a todos a súa interpretación auténtica da Biblia do economicismo, sob pena de excomunión e confinamento nos infernos da marxinación.

Non. O problema dos sectores produtivos que foron até agora, son aínda, ou resultan ser potencialmente claves para a nosa estrutura económica e para as nosas especializacións produtivas na DIT, consiste en que non cadran co deseño de DIT, que o grande capital transnacional tenta impor como sobranceiro no conxunto da CE. E cando non é así, cando algo encaixa, daquela o sector en cuestión é invadido e expropiado de mans galegas por ese mesmo capital transnacional para incorporalo á súa rede e manipulalo como un simple elo dunha cadea movida por decisións centralizadas a nivel europeo ou mesmo mundial -como no caso de sectores tan

dispares tamén, e con potencial tan relevante para unha estratexia de desenvolvemento endógeno, como a acuicultura ou a minería "galegas". Para eses centros de decisión transnacionais, as empresas e factorías da súa rede só están na xeografía e non tal na economía dos países nos que se ubican, como sinalaron hai xa decenios os máis lúcidos economistas latinoamericanos da CEPAL.

Nestas condicións, as consecuencias que se derivan do dito son dúas primordiais:

1.- A división do traballo interna (DTI) da economía de Galiza ou calquera outro país europeo análogo, ou sexa a existente estrutura do seu aparello produtivo, e máis o conseguente repertorio de especializacións produtivas, non conta en absoluto para a política económica da CE. A ese respecto, resultan irrelevantes as vantaxes comparativas dunha economía como a galega no contexto económico internacional que deron lugar á configuración das nosas especializacións produtivas na DIT e , pola mesma, formación e medre dos sectores exportadores (sexan estes a conserva de peixe, a construción naval, a pesca industrial, ou a gandería bovina e o sector lácteo). Todo depende de que esa estrutura sectorial encaixe ou non, interese ou non, coincida ou colisione, coa estratexia de DIT e de especializacións produtivas cardinais deseñada polos poderes económicos transnacionais para o conxunto da CE e inspiradora do TUE e das regras de xogo que corresponde executar ao Consello Europeo de Bruxelas.

Ora, a experiencia histórica xa ten demostrado, fóra e mesmo tamén dentro de Europa, que semellante estratexia resulta fatalmente incompatíbel con calquera DIT minimamente respectuosa cunha racional diversificación da estrutura produtiva interna das economías membros do espazo global abranguido, neste caso o europeo da CE, e especialmente agresiva a respecto das periféricas, como a galega, que serán sometidas (xa están a seren sometidas) a unha brutal simplificación e desertización, ao estilo do acontecido en Latinoamérica ao longo de todo este século. Para canto máis cando esas economías carezan de aparello de Estado e poder político propios. como acontece con Galiza aínda hoxe.

2.- Volatilízanse calquera posibilidades, mesmo potenciais. de desenrolo endógeno das economías que non formen parte do centro do sistema, ou nas que non se teñan desenvolvido, cando menos, estruturas produtivas dos tramos de cabeceira dos circuítos produtivos da rede transnacional.

É de caixón. O desenrolo endógeno e autocentrado esixe unha concepción da estrutura produtiva e unha lóxica de asignación de recursos plantexada dende dentro e en función da economía e a sociedade do país como conxunto internamente vertebrado. Isto faise imposíbel cando resulta que cada sector da economía dese país non é máis que un segmento dunha estrutura radial que, comandada dende o centro do sistema, se despreza en círculo por toda a CE deica as extremas do seu espazo xeográfico e económico. Ao ser así, as actividades produtivas que se localizarán en cada economía serán as que conveña a esa estrutura radial do entramado produtivo transnacional, e non

as congruentes entre si para o desenvolvemento endógeno desta economía, nin tampouco as acaídas para o aproveitamento das súas vantaxes comparativas na DIT coas correlativas especializacións produtivas nos conseguintes sectores exportadores.

Por riba, nese entramado radial, os procesos produtivos e os circuitos económicos dispóñense de xeito que os tramos xeradores de meirandes alícuotas de valor engadido -e polo tanto de renda e ingresos- localízanse no centro, nos espazos metropolitanos do sistema, enxendrando ou agudizando un desenvolvemento desigual e un crecemento cada pouco máis desequilibrado do conxunto en favor do centro, cunha extraversión e crecemento cara fóra dos espazos periféricos -que é exactamente a antítese dun desenvolvemento endógeno e autocentrado. E cando non é así, os circuitos financeiros, tamén radialmente dispostos, e as transferencias ou remesas dos beneficios das filiais ás matrices das transnacionais, máis outra serie de coñecidos mecanismos, encárganse de sorber e espoliar a meirande parte do excedente económico xerado mal que ben neses espazos periféricos.

Deste xeito, o Tratado de Maastricht condena a Galiza e a toda a "peripheral Europe", como a denominara Dudley Seers, ao confinamento na dependencia e no subdesenvolvemento económicos. Pasaremos de ser "colonia da corte madrileña" como dixera Antolín Faraldo hai máis de século e medio, a sermos directamente colonia interna da Europa rica, dos omnímodos centros de poder deste continente. A Europa "do Sur", ou sexa, a periferia económica europea - aínda que parte dela estea xeograficamente ao noroeste ou ao leste - pasamos definitivamente a ser, a respecto do Estado alemán, o equivalente de Latinoamérica a respecto dos USA, só que, por riba, dentro das fronteiras institucionais e políticas do imperio. directamente sometidos como súbditos ao aparello de Estado. as leis e a policía metropolitanas: os configurados no TUE asinado en Maastricht,

3.- Unha política monetaria contumaz, ao servizo do capital financeiro, dirixida á creación dun Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC) e un Banco Central Europeo (BCE) reservados aos máis fortes, centrada tan só en impor uniformidades formais e nominais, e desentendida das diverxencias socioeconómicas reais que vai enxendrar ou agravar.

O TUE institucionaliza unha unión económica e Monetaria (UEM) dentro da CEE. É dicir: até agora existía unha CEE, cun MCE sen fronteiras internas (pola aplicación das tres liberdades de circulación interna de mercadorías, capital e traballadores), constituída cara o exterior en unión alfandegaria (unha soa fronteira arancelaria arredor cara fóra, e só para o tráfego de mercadorías, non de forza de traballo), e dotada de políticas institucionais comúns só para a agricultura (a PAC), para os desequilibrios rexionais e para a dotación e manexo dos correlativos "fondos estruturais" (FEOGA e FEDER) , amén de directrices políticas fragmentarias para certas "reconversións" sectoriais, para a hipócrita " salvagarda da competencia" (regulación das transferencias estatais a empresas ou sectores, en realidade

manexada para eliminar competidores molestos non poderosos e para desmontar a vontade o sector público empresarial segundo conviñese), ou para a non menos hipócrita "beneficencia" comunitaria (o FSE).

Dende Maastricht, co TUE, a Comunidade Económica elévase formalmente ao rango de Unión Económica e Monetaria (UEM). Mais, en realidade, o propio enunciado do novo rótulo delata que o único "avance", a única modificación cualitativa relevante nese paso de "Comunidade" a "Unión" consiste mesmamente no establecemento dunha unión Monetaria. Ou sexa, ao criarse a Unión Europea, as institucións políticas do Goberno comunitario non van dirixir o conxunto dunha política económica e social globalmente congruente, non van manexar combinadamente as diferentes pancas e resortes de acción política nos diversos eidos da realidade socioeconómica, mesmo que fose -como é- concibido e deseñado todo iso dende arriba. Non se xeraliza o que na CEE era a PAC para o sector agrario a todos e cada un dos restantes sectores produtivos. Non se vai gobernar tampouco cunha política macroeconómica que abrangue e vertebre as políticas fiscal e tributaria, salarial e de rendas, laboral e social, e así seguido. Non. Só a política monetaria vai ser a nova atribución do poder executivo da CE (aínda que nalgúns dos outros eidos se incrementen a iniciativa e atribucións do Consello e a Comisión, pero en medida comparativamente irrelevante).

Ora, deste xeito, a política monetaria pasa a ser a panca de mando primordial e sobranceira para a acción de goberno da Unión Económica, ou sexa, para imprimirlle a dirección que conveña ao conglomerado económico da CE. E este feito encerra fundamentalmente dous sinificados reveladores e unha gravísima consecuencia.

Siñifica, primeiro, que a CE, en Maastricht, aposta por unhas política monetarista, ou sexa, pala peor das archiconvencionais "receitas" economicistas dispoñíbeis en botica para o deseño e condución dunha política macroeconómica. Nefeito, facer política monetarista non consiste en utilizar a política monetaria como un dos elementos da política macroeconómica, senón en darlle á política monetaria a primacía. A CE, en Maastricht, non só lle dá a primacía, senón mesmo a exclusividade, como acabamos de ver. Siñifica tamén, en segundo lugar, a confirmación de que é efectivamente o capital financeiro e, por tanto, os grandes grupos transnacionais, quen diseña e impón a estratexia da nova UEM e dita a política macroeconómica da CE: só eses "axentes" poden ter e teñen de feito interese en que a política económica sexa monetarista, ou dito doutro xeito, son eses poderes económicos os que teñen, en xeral, máis interese en que non se governe a converxencia das políticas salarial e laboral, fiscal, de rendas, etc., porque son os que se achan en condicións privilexiadas para tiraren proveito das disparidades interestatais en fiscalidade, salarios, mercados e lexislación laborais, cárregas sociais e así seguido, ou sexa, en todas as variábeis que lles permiten xogar coas diferentes taxas de explotación e niveis de custes nas diversas localizacións da súa rede centralizada de empresas e factorías e por todo o espazo da CE, Cando menos mentres esa política monetarista non teña surtido os seus efectos e non teña entrado en vigor a política monetaria única elaborada en exclusiva polos "grandes", como veremos que está previsto para a fase final do proceso.

Mais o peor de todo é a gravísima consecuencia que se deriva da opción monetarista, e que, esta si, xa foi posta de relevo, cando menos nalgúns dos seus aspectos, por algunhas forzas políticas e sociais, por especialistas mesmo con ideoloxías non coincidentes, e ate por algúns activos participantes no proxecto europeo concluído en Maastricht, sensíbeis eles aos serios problemas que este aberrante enfoque monetarista vai suscitar -como o propio Delors. Esa gravísima consecuencia pódese sintetizar no seguinte: sacrificarase todo a unha “converxencia” meramente nominal e formal das diferentes economías do espazo da CE en indicadores uniformizados que son simples epifenómenos da realidade económica profunda, e pagarase -mellor dito, pagaremos a maioría e cobrará unha minoría- o enorme custe dunha efectiva diverxencia real acumulativa entre as diferentes economías e elementos compoñentes das mesmas que integran o espazo conxunto da CE.

Primeiro, **diverxencias acrecentadas entre clases sociais: proletariado e campesiñado levarán a peor parte**, cun brutal incremento da taxa de explotación e no seu caso de paro, directamente ou a traveso da esfera da circulación e do desproveimento de servizos sociais (caída do salario social) que constituían conquistas históricas das clases traballadoras e, ate hoxe, resultaba inimaxinábel que fosen postas en cuestión polo poder establecido. Mais non van ser só o proletariado re o campesiñado: clases ou segmentos pequeno-burgueses vencellados ao comercio e outros ramos dos servizos, tamén van sufrir sensibelmente eses custes, **especialmente nas economías periféricas onde esa política vai mallar no lombo do conxunto das camadas populares.**

Segundo, **diverxencias crecentemente agravadas entre as economías do centro e da periferia da CE**, usualmente denominadas co eufemismo “desequilibrios rexionais”. Tres décadas e media de existencia do MCE, con dúas décadas de aplicación da Política de Desenrolo rexional e os recursos do FEDER -que efectivamente “fede” cada vez máis- ilustran en retrospectiva, verbo do que, en prospectiva, nos agarda aos periféricos coa política monetarista cociñada en Maastricht: os “desequilibrios rexionais” non fixeron outra cousa que medrar constantemente nesas décadas, fosen expansivas ou contractivas as fases cíclicas, multiplicándose o valor dos indicadores que miden os desniveis económicos entre Calabria e Hamburgo, Gales e París, ou Galiza e Milano, mais tamén, dentro de cada ámbito estatal, entre Calabria e Torino, Gales e Londres, ou Galiza e Barcelona.

Pois vai ser moito peor aínda: ao xeito da atracción dos corpos celestes conforme á lei da gravitación universal tamén aquí a forza de atracción está en razón directa da masa e inversa da distancia. Dende Maastricht en diante, a masa do novo centro solar é moito meirande e a distancia **institucional** por medio moito máis curta: a forza centrípeta que imos padecer vaise reduplicar, e sorberanos recursos e excedente económicos coma quen sorbe chicolate cunha canivela.

Finalmente, **diverxencias intersectoriais combinadas coas devanditas , con “reconversións salvaxes” e inordes. nin tan sequera reguladas. nin tan sequera definidas nin nomeadas como tais. sen fondos de promoción nin gaitas polo estilo, ao xeito que xa estamos a padecer en Galiza.** concomitantes coa

consolidación da estrutura radial da DIT á que fixemos demorada referencia noutro punto deste documento.

Pero hai máis. Sabido é que, dende denantes xa de térense concluído os acordos de Maastricht, os que andaban nesa feira non ocultaban que se estaba a deseñar un proceso de unión económica europea en **dúas velocidades**. O ministro Solchaga e compañeiros mártires do Goberno PSOE do Estado empregaron de abondo esas "divinas palabras", aínda que naturalmente sen explicaren nunca o cerne da cuestión. Vexámolo.

Dende que se poña en aplicación o Tratado de Maastricht -se é que se chega a tal situación, cousa que está pos ver e cada día vese menos clara, cando menos nos seus termos actuais- ábrese un período transitorio que, baixo certas condicións, remataría no 1997, ou en todo caso no 1999. o período que abrangue a fase conducente á entrada en funcionamento do Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC) e máis do Banco Central Europeo (BCE), ou sexa, o Banco de Estado da propia CE. Análogo, poñamos por caso, ao que é o Federal Reserve System ou Sistema da Reserva Federal en USA, o SEBC estaría integrado polos Bancos centrais dos Estados membros, sobre del apousaría o BCE, e o ecu pasaría a ser a divisa ou valuta da CE como tal e convertida en moeda única, do mesmo xeito que o é o dólar verbo dos USA. **O SEBC e o BCE serían, a partir de aí, os artífices da única política monetaria e financeira da CE** -e por certo, con meirande grado de autonomía aínda, a respecto do poder político executivo comunitario, do que teñen hoxe polo común os bancos centrais verbo dos respectivos gobernos nos diferentes Estados europeos: sería o paraíso dos tecnócratas das grandes finanzas, "a-políticos" todos eles, como é notorio, e que ideolóxicamente o mesmo adoitan valer para un roto que para un descosido. Mais non irnos analizar a dese esquema institucional nin as consecuencias políticas que conleva. **O importante está antes dese punto de chegada.**

Nefeito. **No SEBC non entrarán todos os Estados actualmente membros da CE. senón só os que, durante a fase transitoria, cumpran as condicións que impón a política monetarista instituída en Maastricht.**

Esas condicións a cumprir por cada Estado son **cinco**, aínda que non todas se computan durante todo o período desta fase:

1ª.- A súa taxa de inflación, medida polo IPC, non poderá ser superior en máis dun 1,5% á media dos tres Estados que a teñan mellor, ou sexa, máis baixa.

2ª.- O déficit presupostario -dos Presupostos Xerais do Estado, claro é- non poderá ultrapasar o equivalente ao 3% do PIB.

3ª.- A débeda pública acumulada non poderá ascender a máis do equivalente ao 60% do PNB.

4ª.- O tipo de interese nominal medio e longo prazo non poderá superar en máis do 2% a media dos tres Estados que teñan mellor (mais baixa) taxa de Inflación.

5ª.- A cotización da súa moeda non poderá flutuar en máis dun 2,5% arredor do tipo taxado no SME (Sistema Monetario Europeo) -o que, no argot do ramo, se chama "manterse na banda estreita" das flutuacións dentro do SME. E, ollo!: o Estado en cuestión terá que cumprir esa condición **sen devaluar a súa moeda a respecto da de calquera outro dos Estados membros da CE.**

Se para o remate do 1996 hai **sete** Estados (a metade máis un dos actuais doce membros, m o i democrático toda) que cumprisen **todas** esas condicións, o 1/1/1997 entra en funcionamento o SEBC. **Mais, naturalmente, nese "club" só entrarían como membros os sete ou máis Estados "cumpridores", non os restantes.** De non haber para esa data sete Estados cumpridores, adiase a cuestión deica o remate do 1998. Mais, desta, **por poucos que sexan** os Estados cumpridores das condicións, **en todo caso o 1/1/1999 constitúese de vez o SEBC, e só serán membros do Sistema eses Estados:** o resto fican fóra do SEBC e, por tanto, da participación na elaboración da política monetaria **única** da CE.

Na actualidade, **só dous Estados** (Francia e Luxemburgo) cumpren as catro primeiras condicións. A propia Alemaña non cumpre (aínda que por décimas) a da taxa de déficit público. O Estado español só cumpre a relativa débeda pública acumulada. Portugal e Grecia non cumpren ningunha das catro. E no tocante á cotización das divisas respectivas e consigna de non devaluar unilateralmente, xa se bota de ver o que acaba de ocorrer coa peseta e tamén coa lira. O panorama é fino. Claro que o Tratado de Maastricht aínda non entrou en vigor...

Resultaría imposible, sen estendérmonos de xeito aquí impropio, explicar para profanos o labirinto de implicacións múltiples e diversas que ten este auténtico xeroglífico, ou máis ben cábala, para as marxes de manobra de cada Estado na elaboración e condución da súa propia política, non xa financeira, senón económica en conxunto. Mais algunhas cousas importantes son doadamente comprensíbeis:

a.- O primeiro dilema plantéxase entre "estabilidade" e "crecemento". **En toda sociedade clasista e con economía de mercado, é virtualmente imposible o crecemento económico sen inflación.** Mesmo sen tratarse do crecemento entendida como desenvolvemento, ou sexa, como proceso acumulativo de medre da economía, a propia teoría económica convencional, ao analizar os ciclos económicos como oscilacións flutuantes que non implican de seu crecemento económico sostido deixou sentado o principio de que nas fases **expansivas** desas oscilacións rexistrábanse alzas de prezos, salarios e ocupación, e nas fases **contractivas** o contrario, coas correspondentes tendencias inflacionistas nas primeiras e **deflacionistas** nas segundas. A novidade da crise desencadeada dende os anos 70 consistiu precisamente en que, mesmo na fase contractiva que enxendrou, disparouse a **i n f l a c i ó n** -con grave desconcerto dos grandes cerebros do "economics", que non souberon cousa mellor que inventaren aquel enxendro de palabra e concepto nomeado "estanflación", ou sexa, estancamento máis inflación. Mais aínda nunca houbo unha fase expansiva sen inflación ou con inflación cero, for no centro ou na periferia do sistema. Para canto máis no crecemento económico: non existe exemplo histórico ningún de crecemento sostido dunha economía capitalista sen correlativa inflación, e de feito é patente que ningunha moeda da planeta, nin sequera a dólar, ten hoxe o valor adquisitivo

interno que tiña hai décadas. Pero, asemade, **canto menos desenvolvida ou máis subdesenvolvida é unha economía, máis imposíbel lle resulta medrar sen inflación, e mesmo máis altas son as taxas de inflación que ten que aturar para medrar a ritmos que lle permitan reducir distancias a respecto das economías desenvolvidas.**

Nestas condicións, **aplicarlles ás economías periféricas, mesmo que se trate da periferia interna á propia CEE, unha política monetarista. Supón condenalas a perderen posicións no conxunto, ao estancamento ou mesmo á regresión. Pois que en economías así non é posíbel o status quo, ou progresan ou recúan.**

Lembremos que a política monetarista de Milton Friedman -esa atrocidade obtusa anticientífica aplicada a golpe de armada imperial e pinochetazos diversos- esganou dende hai dúas décadas o desenrolo de toda a América Latina, enxendrou nela unha miseria sen precedentes, disparou o endebedamento externo, e, obviamente, nin sequera contivo a(s) inflación(s) nin deparou outra "estabilidade", a cambio do "non crecemento", que a dos negocios das transnacionais ianquis -que ademais de **estábeis** seguiron a ser **crecentes**, por suposto, seguramente para deixaren quedar ben ao Friedman.

As conclusións son evidentes:

1ª.- Só as economías máis potentes e desenvolvidas poden permitirse o luxo de non medrar apreciabelmente para reduciren a taxas inapreciábeis a inflación, limitándose a manteren simplemente no seu fenomenal nivel o aparello produtivo, o poder adquisitivo interno e externo, e os estándares de vida dos seus cidadáns: léase Alemaña ou Holanda, como exemplos máis seguros.

2ª.- As economías da CE que máis precisan medrar e desenvolverse, ou acatan as condicións de Maastricht e seguen a ser fracas e probes fronte a Alemaña, ou incumpren esas condicións para achegárense ao "nivel" alemán, pero daquela quedan fóra do "club dos banqueiros ricos" do SEBC e, pola mesma, á mercé deles -ou, claro está, se liscan da CE. Neste caso, resulta patente o dilema, e como al dilema, esencialmente irresolúbel.

Engadamos soamente, en fin, que o cumprimento da condición 4ª, relativa ao tipo de interese, plantexa problemas análogos aos da taxa de inflación, cos que están emparentados.

Non en van o propio enunciado da condición 4ª (tipo de interese) enlaza a verificación do seu cumprimento co mesmo indicador referencia1 do cumprimento da condición 1ª (taxa de inflación) : nos dous casos, a base de referencia constitúena os tres Estados con mellor taxa de inflación, e non, como puidera parecer lóxico, os tres Estados con máis baixo tipo de interese no caso da condición 4ª.

Ao cabo, se o IPC (indicador da inflación) reflexa os prezos das cousas ou mercadorías, o tipo de interese expresa o prezo do diñeiro ou dos capitais. Curiosamente, velaí en cena todos os prezos relevantes nas economías de mercado, **agás precisamente un fundamental, que non asoma por ningures explicitamente aludido neste repertorio de condicións: o prezo da forza de traballo, o nivel de salarios.** Que raro despiste de política económica!

b.- O segundo dilema xurde adrede do corsé enfundado á política orzamentaria do Estado, e proxéctase en varios pares de contradicións: entre "equilibrio presupostario" esixido e "investimentos públicos" indispensábeis; entre "austeridade orzamentaria" e "redistribución da renda"; entre "suficiencia de ingresos" e "fiscalidade progresiva"; entre "eliminación do déficit" e "efectos multiplicadores keynesiáns" -infeliz lord Maynard Keynes, repara onde e quen te foron enterrar!.

Por se as condicións de estrita política monetaria non abondasen (prezos, interese e tipo de cambio), a interdición do déficit público bloquea o manexo da política orzamentaria e deixa ao Estado maniatado e reducido función de xendarme do grande capital financeiro. Porque, obviamente, o equilibrio presupostario esixido, no contexto social no que compre acadalo, **non se vai operar elevando a presión tributaria con equidade fiscal para poder manter e incrementar os niveis de gasto público necesarios para cubrir as prioridades. acadar os obxectivos e cumprir as funcións inescusábeis de todo o sector público merecente de tal nome nunha sociedade actual.** Non digamos xa a mínima e indispensábel cobertura de .servizos públicos, dotación de capital social básico e outras elementais orientacións redistributivas do gasto público que, dende hai medio século, ningún réxime político do planeta, nin o máis reaccionario, ousara iñorar!, Trátase, en concreto, de desmantelar o que aínda restaba en pe do bombardeado edificio do "Welfare state", do Estado do benestar construído polas socialdemocracias despois da grande depresión dos anos 30 e ao remate da 2ª Guerra Mundial. E por se algunha astucia adroleira permitise manipular como válvula de seguridade un habelencioso manexo de emisión de débeda pública, tamén se tapona ese respiro coa rolla da condición 3ª.

Para o proletariado, campesiñado e clases populares en conxunto da maior parte do espazo territorial, económico e demográfico da CE, estes plantexamentos supoñen unha agresión inconcibíbel en calquera outra conxuntura histórica de Europa dende o tempo dos réximes fascistas e nazis. Política despiadadamente antisocial, que nin sequera conta co contrapeso dun deseño de política laboral e social merecente de tal nome, como veremos despois.

Para Galiza, esta perspectiva de bloqueo e involución contractiva da política orzamentaria do Estado ten implicacións singularmente graves e ameazadoras. Nefeito, sendo como é unha das Comunidades Autónomas (CA) máis probes , subdesenvolvidas e en grave crise de todo o Estado español, carecendo como carece da máis elemental autonomía financeira, dependendo como depende case absolutamente nos seus ingresos dos fondos que se consignan nos Presupostas Xerais do Estado, e tendo subscrito como subscribiu a Xunta o pasado Xuño un novo modelo de financiamento das CA da Estado intrinsecamente lesivo para as súas necesidades presupostarias e discriminador para ela no reparto da masa financeira entre as diferentes CA, resulta difícil imaxinar cómo poder: sobrevivir á asfixia que, tamén por este vieiro, lle van ocasionar as emanacións fétidas do Tratado de Maastricht.

c.- Finalmente, resulta palmario, a estas alturas, que non se trata dunha "Europa de dúas velocidades", senón de varias máis :

1ª - A dos que podan e queiran integrarse no clube do SEBC-BCE (eixo Franco-Alemán máis Países Baixos).

2ª.- A dos que queiran e non podan (a periferia, dende Grecia a Irlanda pasando por Portugal e polo Estado Español) que non poderá chegar á meta sen rebentar á besta).

3ª.- A dos que poidan e non queiran, sexa porque non ratifiquen o Tratado (Dinamarca xa) ou sexa porque só o suscreben parcialmente (como Gran Bretaña, que nin se comprometeu coa política laboral e social, nin sequera aposta polo ecu como moeda única, por mor da libra, aínda que no caso de ir adiante a conversión do ecu en divisa da CE sería moi grave para a libra e para a Bolsa de Londres ficar fora).

4ª.- A dos países europeos desenvolvidos que aínda non están na CEE (Suíza, Suecia, Noruega, Austria), e que disque queren entrar.

5ª.- A dos problemáticos "países do Leste", que recibiron bautismo de europeos, pero están a agardar pola confirmación.

4.- Unha política anti-social, ferozmente agresiva contra as clases traballadoras e por extensión, contra o conxunto das clases populares en sociedades parifáricas subdesenvolvidas como Galiza.

Para empezar, non existe ningunha política laboral e social merecente de tal nome aprobada en Maastricht. Para continuar, os evanescentes acordos subscritos nese eido son simples e vacuas declaracións de intencións. En terceiro lugar, **non forman parte do texto articulado do Tratado** -cousa que obviamente ocorre, en troques, coa política monetaria e outras -senón que figuran relegados a un dos dezoito protocolos anexos ao mesmo, concretamente o Protocolo número 14 -que nin se coidaron de que a numeración atribuída non delatase a avaliación que esa temática lles mereceu no establecemento da orde de prioridades. En cuarto lugar, o contido dese Protocolo consiste nun Acordo de sete artigos que ocupa, por xunto, dúas páxinas das cento doce ocupadas polo texto do Tratado, Protocolos anexos, Acta final, e Declaracións adicionais (véxanse páxs. 91e 92 do DOCE, número C 191, 29/7/1992). En quinto lugar, ese Protocolo non foi subscrito polo Reino Unido (Gran Bretaña e Irlanda do Norte), que fica marxe de todo compromiso en política laboral e social e pode sabotar a máis elemental "converxencia" da CE nese eido. En sexto lugar, e xusto á inversa do que ocorre coa política da UEM, nas cuestións máis relevantes de política sociolaboral seguirase a regra da unanimidade, no canto da maioría, para a validez dos acordos, o que supón manter o dereito de veto, co que os Estados con política social máis reaccionaria poderán boicotear a adopción de acordos "progresistas", Así acontece nada menos que coa seguridade e protección social dos traballadores, protección dos traballadores nas rescisións de contratos laborais,

representación e defensa colectiva dos intereses dos traballadores e dos empresarios (incluída a coexistión), condicións de emprego dos cidadáns de terceiros países residentes na CE, e contribucións financeiras ao fomento e creación de emprego. En sétimo lugar, **non haberá política social comunitaria ningunha**, nin por maioría nin por unanimidade do Consello, nada menos que a respecto dos salarios, dos dereitos de asociación e de sindicación. do dereito de folga e do lockout patronal: ou sexa a lei da selva na hipercivilizada e democrátisima Europa do progreso.

Finalmente, mentres para a política económica se crea un marco institucional ad hoc (UEM, SEBC, BCE, xa comentados), en política laboral e social non se crea institución ningunha. Mellor dito, crease unha, nefeito: o aparello regresivo indispensábel para facerlle aturar a proletariado semellante situación, é dicir, a Europol e o aparello de xustiza que comentamos noutro apartado deste documento.

O pitorreo dos señores de Maastricht a respecto do proletariado e clases populares de toda a CE acada o seu culmen coa escarnecedora peripecia do chamado Fondo de Cohesión Económica e Social (Protocolo número 15 anexo ao TUE).

A orixe dese Fondo está no denominado "paquete Delors II", conxunto de tres liñas de apoios financeiros proposto por iniciativa de Jacques Delors e dirixidas, respectivamente, á mellora da competitividade, ao reforzamento da actividade exterior, e á cohesión económica e social.

Mais á hora da verdade acontece: 1º) Que o protocolo relativo ao Fondo de Cohesión limítase a acordar que **"deberá ser criado"** antes do remate do 1993, ou sexa, **que en Maastricht nin sequera se criou o Fondo.** 2º) Que o destino sinalado para o Fondo pouco **ten que ver coa cohesión social** e os traballadores: **será aplicado a proxectos "nos ámbitos do medio ambiente e das redes transeuropeas"** 3º) Que, aínda que so se concede aos países con PNB inferior ao 90% da media da CE, que resultan ser Irlanda, Grecia, Portugal e o Estado Español, **o Fondo será xestionado polo Estado respectivo**, co que no caso do español xa sabemos que poden esperar Galiza e os traballadores galegos; 4º) Que a aprobación do Fondo estaba prevista para o cumio de Lisboa, agora xa celebrado o pasado mes de Xullo, baixo presidencia portuguesa, mais **"os grandes" impedírono. dando unha elocuente mostra da xenerosidade que están dispostos a ter neste vieiro de redistribución tan cativo**, e agora tócalle a presidencia ao Reino Unido, que nin sequera, como dixemos, asinou o Protocolo de política social.

En suma, nunca tan descaradamente reaccionario se mostrara o poder político dos Estados da CE como na conclusión do TUE en Maastricht, no seu deseño monetarista da política económica común e no soberbio despreza dos intereses e dereitos máis elementais dos traballadores, as clases populares, e os pobos enteiros máis desfavorecidos e periféricos da glorificada e opulenta Comunidade Europea, Só na actual conxuntura política do planeta resulta concibíbel que se atrevesen a asinar un Tratado semellante. O BNG, como forza plural progresista que é, e que loita polos dereitos nacionais de Galiza, polo desenvolvemento endógeno da súa economía e pola emancipación das clases sociais explotadas, **ten a obriga de denunciar o Tratado de Maastricht e comprometerse a loitar contra a súa ratificación e aplicación como unha bota esmagadora da nación galega.**

B) A FACIANA POLÍTICA

Correlativamente coas características que amosa e cos problemas que suscita o TUE de Maastricht na súa faciana económica, suscita outros tantos, non menos graves, na súa faciana estritamente política ou político-institucional, derivados de características negativas que revelan profundas eivas na concepción de Europa e da

súa pretendida unidade, e que resultan alarmantes cando se dexergan a traveso dunha óptica autenticamente democrática e progresista. Mesmo podería ordenarse simetricamente por países, ao xeito de binomios ou correlacións biunívocas, a maioría dos trazos que, nos respectivos planos económico e político, debuxan o feito desa tolleita concepción de Europa plasmada no Tratado de Maastricht. Nefeito, por ser unha política do grande capital transnacional é seudoeuropeista e realmente antieuropea; por ser aniquiladora do desenrolo endógeno devén antinacionalista; ao ser antisocial e monetarista resulta antidemocrática e bota man dunha política policial para a represión interna; en fin, sendo neomercantilista cara o exterior induce unha política xenófoba e racista verbo dos parias non-europeos e precisa dunha aparelaxe militar imperialista.

Con todo, esas simetrías non son biunívocas máis que en aparencia: é a conxugación dos caracteres económicos e políticos do conxunto, e non as concomitancias correlativas duns e outros reflectíndose especularmente, a que máis importa, **pois que compón unha combinación mortífera para calquera arela de vertebración multipolar e democrática dunha Europa habitábel e na que un proceso de integración aporte un avance cualitativo na calidade de vida e nas formas de convivencia dos pobos que a compoñen**, e dicir, que sexa un paso adiante no sentido da Historia, no canto dun retorno a un III Imperio napoleónico, a un redivivo Sacro Imperio Romano-xermánico ou a un IV Reich, metamorfoseados e disfrazados eles de narcisista modernidade e imbuídos de fatal ineluctabilidade, para facernos engulir a roda de muíño dun recrudescemento da explotación das crases sociais dominadas e da opresión dos pobos aínda non emancipados neste denso e polimorfo continente que ten, mesmamente na súa ricaz variedade interna, a súa máis inequívoca identidade e a súa máis saudábel e milagreira fonte de valores propios.

1.- Unha política seudoeuropeista e realmente antieuropea.

O TUE de Maastricht é seudoeuropeista porque se presenta a si mesmo como un paso decisivo cara a **construción** de Europa, cando en realidade as súas normas inducen a **destrución da Única Europa que a Historia construíu: a xa existente**. Tenciona facernos crer que "**construción de Europa**" equivale a **construción da súa Unidade institucional** político-económica, **sexa cal for a modelo** escollido para esa unidade, **e sexa cal for o seu custe** en termos sociais, culturais e económicos. O TUE confunde intencionadamente **unificación institucional** con **integración política**, cando en realidade, de non cumprírense condicións ineludíbeis que en Maastricht nin se cumpren nin sequera se toman en consideración, **eses dous fenómenos poden resultar e resultan de feito ate antitéticos**. Que nolo digan a nós, cidadáns dunha nación subsumida pola forza baixo unha superestrutura **unificada e unificadora** por arriba, ou sexa, o Estado español, que, lonxe de **integrar**, simplemente nos **anexionou institucionalmente** mentres nos **segregaba e marxina social, económica e culturalmente**.

Un proceso de unidade política europea só pode ser aceptábel e merecente de participamos nel se toma como punto de partida o substrato sociocultural e socioeconómico da Europa realmente existente sob as superestruturas dos Estados. e dende aí aborda a súa vertebración nunha superestrutura de ámbito europeo criada ex-novo e en correspondencia con ese polimorfo

substrato de base que constitúe a sustancia e a morfoloxía da identidade europea mesma.

O TUE ignora todo iso. Toma como punto de partida as superestruturas estatais, é dicir, meras excrescencias secretadas e calladas no desenrolo do capitalismo en Europa, e reproduce ese obsoleto modelo institucional xacobinista a un nivel supraestatal, con meirandes de graus de centralismo, hipertrofia e concentración do poder: o mesmo "leviathan" reproducido a dimensión e escada máis monstruosas aínda, ou sexa, reproducido a escada mesmamente das esixencias da concentración e centralización do capital transnacional.

Por iso mesmo, o enxendro fabricado no TUE vai desartellar, disgregar e discriminar a variada e diversa realidade de base europea e convertela, desta si, nun "arquipélago gulagh", Para empezar, fragmenta a Europa construíndo un muro que divide entre aquén e alén as fronteiras da CE. A seguida, dentro da propia CE, monta un clube de magnates cos que cheguen a ser membros do SEBC mentres confina en guettos periféricos aos países "do Sur" -económico, reiterémolo, non xeográfico. Finalmente, imprímelle a esa nova estrutura compartimentada unha dinámica -unha dialéctica- de aceleración do desenrolo desigual e a diferentes velocidades das distintas pezas e compartimentos, tanto no plano social coma no Cultural e no económico, desencadeando un proceso uniformizador por riba e desintegrador par baixo. **Nada pode haber máis antieuropeo, no seu cerne, que a concepción de Europa que se acubilla nun proxecto de Unidade Europea como ese.** É unha Europa concibida como habitáculo para os gringos de Europa, non para os europeos do común.

Ilustra perfectamente toda esta concepción a maneira en que se deseña e dota de contidos a noción de **ciudadanía europea** no TUE (artigos 8A.1 e 8B do título II do Tratado). Por unha banda dise que "todo cidadán da unión terá dereito **a circular e residir libremente** no territorio dos Estados membros". Isto non é máis que un corolario da liberdade de circulación de mercadorías, **capitais e persoas, ou sexa, forza de traballo, que a fin de contas e unha mercadoría no modo de produción capitalista.** Por outra banda, os dereitos políticos atribuídos ao cidadán da unión **limítanse a "ser elector e elixíbel"** nas eleccións municipais do Estado membro no que resida e máis nas eleccións ao Parlamento Europeo nas mesmas condicións que os cidadáns dese mesmo Estado. Todos os dereitos democráticos máis importantes consagrados constitucionalmente nos réximes políticos do ámbito da CE fican fóra de mención expresa e atribución á cidadanía da Unión. E se ternos en conta que en política social, salarios, dereito de asociación e sindicación e así seguido **o Tratado non establece ningunhas normas de validez e vixencia común para toda a CE,** xa se bota de ver a que queda reducida realmente a **ciudadanía europea** como **cualidade política** de calquera cidadáns de calquera Estados membros da CE na súa condición de tais.

2,- Unha política renartemente antinacionalista, que practica a iñorancia expresa e intencionada dos feitos nacionais e das identidades dos pobos europeos e manipula súa comenencia os nacionalismos de aquén e alén os lindes da CE.

Non podía ser menos: se ao grande capital transnacional lle cadran molestas as fronteiras institucionais dos recintos estatais non ía promover o esvaecemento desas para institucionalizar no canto delas as dos pobos, patrias ou nacións sen Estado que subxacen á actual superestrutura política europea. Carecería de calquera caste de lóxica **para ese poder económico e político**, precisamente. Mais non poden existir eses pobos, esas nacións, se carecen de perfís propios. Ora, no plano institucional -tanto político coma económico- non pode haber perfís propios sen algunha caste de fronteiras: sería como células sen membrana que conteña o escoamento do seu protoplasma, que se esluiría sen remedio. No plano político, unha proposta de pobos sen fronteiras é unha necidade característica das actitudes cosmopolitistas, a non das arelas internacionalistas, que substitúen esa prédica polo postulado da solidariedade e a fraternidade en pé de igualdade entre os pobos e nacións dun continente ou do planeta enteiro.

A ignorancia expresa dos feitos nacionais -ou sexa, das nacións sen Estado- existentes dentro da CE, e pola mesma, a negación desa súa existencia, consúmase co emprego exclusivo do vocábulo "rexións", e derivados del, para facer referencia a calquera feito diferencial, xa non só no plano socioeconómico, senón no sociocultural, no sociopolítico e no político-institucional. Lévese deste xeito ao paroxismo unha cerimonia da confusión na orde conceptual, en virtude da cal os feitos **nacionais** son deturpados e todo se reduce a entes **rexionais**. Todo son rexións, e dá o mesmo que se trate de Cymru (Gales) que Essex dentro do Estado británico, de Breiz (Bretaña) que da Champagne no francés, de Galiza que Estremadura no español. Que haxa inclusive ingredientes étnicos ou mesmo idiomáticos rotundamente diferenciais, tanto ten: faise táboa rasa deles a efectos políticos. Xa non digamos que haxa graos importantes de autoafirmación e autoorganización denotadores dunha conciencia nacional e dun proceso de autodeterminación en marcha, dun movemento nacionalista con forzas propias tanto políticas coma sindicais ou sociais: dá o mesmo. Todo son "rexións" e só as rexións existen por tanto.

Conseguentemente, a única institución que se cría no TUE para dar expresión á diversidade dos pobos europeos, recibe o nome de "**Comité das Rexións**" (art.198.A no Título II do TUE). E aínda por riba, concíbese cos seguintes tangaraños:

1º.- **Só terá carácter consultivo**, ou sexa, sen ningunha potestade decisoria.

2º.- Intégrase por "representantes dos entes rexionais e **locais**". É dicir, por se a mestura de rexións e nacións sen estado non abondase para montar a cerimonia da confusión e inviabilizar calquera estratexia coordinada das nacións con arelas de autodeterminación e en percura de voz propia dentro da CE, por se iso non abondase, méteselles no mesmo saco tamén aos "entes **locais**" -como os concellos- para converter ese Comité **consultivo** nunha inconsultábel caixa de grilos ou Babel de liliputienses. O Ierío do "Eixo Atlántico", montado por alcaldes das cidades galegas e portuguesas, resulta menos enigmático agora, contemplado baixo a alumeación do Comité europeo dos "entes rexionais e locais".

3º.- Pero asemade, qué representatividade vai ter ese Comité? De primeiras, a resposta semellaría obvia, pois que o TUE di "composto por **representantes** dos entes rexionais e locais", é dicir -coidaríase- **representantes electos**, cando

menos en segundo grao, **polos órganos colexiados deses entes** (Parlamentos autonómicos, Cámaras rexionais, Corporacións municipais ou outros, segundo os casos e castes deses "entes" diversos).

Pois non, nada diso. Atribúese un número de "representantes" no "**Comité das Rexións**" a cada **Estado** membro da CE. Primeira aberración. A seguida, "serán **nomeados polo Consello**", ou sexa, polo goberno da CE, **polo poder executivo** europeo. Segunda aberración. A maiores, ese nomeamento faise "a **proposta** dos seus respectivos **Estados** membros": nin tan sequera a proposta corresponde ás "rexións" das que disque van ser representantes". Terceira aberración. Finalmente, o número de membros do comité das rexións atribuído a cada Estado nada ten que ver coa estruturación institucional e territorial do aparello de Estado (que sexa federal, autonómico ou absolutamente unitario e centralista), nin co mapa de demarcacións político-administrativas en cada caso, nin co número de "rexións" existentes en cada ámbito estatal, nin sequera garda unha correlación estrita co peso demográfico relativo do respectivo Estado dentro da CE. Non. Trátase de cifras de "representantes rexionais" que expresan o peso político dos diversos Estados, escalonado en cinco rangos: 24 membros (cada un dos catro grandes: Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia); 21 (Estado español); 12 (Bélxica, Holanda, Portugal e Grecia, cada un); 9 (Dinamarca e Irlanda, cada un) e 6 (Luxemburgo). Curiosamente, estas cifras de membros, por cada Estado, do comité das rexións resultan exactamente iguais as da composición dun órgano tan distinto en índole e función como é, por caso, o "comité de conciliación", encargado de mediar nos conflitos de toma de decisións entre o Consello da CE e o Parlamento europeo (véxase o novo art.194 no TUE).

Máis claro non pode estar que o "comité das Rexións" establecido no TUE é calquera cousa menos un órgano de representación e participación, sequera fose só consultivo, das propias **rexións** europeas. Para canto menos, un órgano de expresión e participación das **nacións sen Estado** negadas polos Estados que as esmagan. Velaí, pois, unha mostra evidente do bafo antinacionalista que despide o TUE, insuflado até na única institución pretensamente criada ao dispor das realidades sub-estatais da CE, aquelas que os pioneiros europeístas de hai catro décadas denominaban, runfantes, "**comunidades básicas**" europeas, borradas do mapa político no "salto adiante" que disque representa o TUE na "construción" de Europa.

Non hai xeito de se enganar. O poder europeo que amañou o TUE é antinacionalista, e so recoñece a existencia dos nacionalismos e dos feitos nacionais cando lle convén e para manipularlos ao seu favor, Fíxoo verbo da URSS e dos países do Leste, porque lle valían como unha das armas utilizábeis -prostituíndo as lexítimas reivindicacións e loitas de emancipación nacionais no seu caso- para meter nun salsepodes político calquera ensaio de construír o socialismo en sociedades europeas, no canto de contribuír a reconducilos aos vieiros correctos que uns concretos réximes políticos extraviaran. Faino aínda hoxe con análoga finalidade mediante unha inconcibíbel reedición das históricas "guerras dos Balcáns" en Iugoslavia. E isto "fóra de casa".

Dentro de casa, na CE, esmaga aos nacionalismos e exclúe aos feitos nacionais "domésticos" de tan sequera mención no TUE.

Só por isto, toda forza nacionalista que pretenda manter a súa lucidez política e non prostituírse ou valer de "tonto útil", ten que denunciar rotundamente o proxecto político contido no TUE como incompatible cos seus propios obxectivos **estratéxicos**, por ser expresión da súa antítese mesma: unha reformulación da Europa dos Estados fronte á Europa dos pobos. Para canto máis se asemade é unha forza nacionalista progresista nunha nación da periferia europea, pois que daquela a antítese non se da soamente coa liberación nacional, senón tamén coa emancipación **social** do pobo ao que tenta servir.

E compre manifestar con toda claridade que se trabucan por completo aqueles nacionalistas que pensan que a detracción de contidos competenciais aos órganos do poder político dos correspondentes Estados a prol dos da CE vaia debilitar ese poder e por ende aliviar a opresión que padece a súa nación ou abrir fendas polas que poda esta gañar cotas de poder competencial ou soberanía política. Quen perden contidos competenciais e atribucións decisorias non son os Estados como tais, senón **os Parlamentos** ou cámaras de representantes dos Estados, ou sexa, **os órganos do poder lexislativo** dos mesmos. Daquela: **compre non esquecer que o Consello da CE**, receptor das atribucións competenciais que perden os Parlamentos estatais, **non é un poder executivo dimanado dun poder lexislativo europeo inexistente aínda hoxe**, non é un órgano de goberno elixido polo Parlamento europeo, **senón que é un Consello integrado polos presidentes de goberno e/ou xefes de Estado de todo os estados membros da CE.**

Pero hai máis: nos Estados onde as nacións non emancipadas acadaron mal que ben a obtención de institucións políticas dotadas dun certo grado de autonomía, como é o caso do Estado español, acontecéelle a esas institucións, reduplicadamente, o mesmo que ás do correspondente Estado, tamén a favor do goberno da CE. E dicimos reduplicadamente porque **neste caso non é só o respectivo Parlamento autonómico quen perde sustancia**, senón tamén o respectivo poder executivo, o respectivo goberno autonómico, posto que os presidentes dos gobernos autonómicos non só non están no Consello nin na comisión da CE, senón que tampouco teñen presenza en ningunha outra institución europea dotada de poderes decisorios, e nin sequera teñen garantido o acceso á caixa de grilos do Comité das Rexións: están a mercé de que o Estado os **propoña** e o Consello da CE **os nomee** -e todo iso para cohabitar alí con alcaldes e outros "presidentes de gobernos"... **locais**.

Nestas condicións, coidar que o TUE debilita aos Estados e pola mesma afortala ás nacións sen Estado, non pode constituír outra cousa que unha mostra de pitoñez de sete estralos -ou sete dioptrías-.

3.- Unha política profundamente antidemocrática.

Falar de "déficit democrático" na estruturación institucional dos poderes da CE plasmada no TUE non deixa de ser un xeito caritativo de avaliar o que, ao noso ver, constitúe unha grave deturpación dos máis fundamentais principios de calquera vertebración democrática das sociedades.

Nas análises que sustentan posicións críticas a respecto dos "déficits democráticos" no TUE, adóitase centrar a cuestión na perda de competencias ou recorte dos poderes dos Parlamentos estatais, cuestión á que xa fixemos referencia denantes. Pois ben: non só é iso, nin é iso o máis grave. Dito doutro xeito: as máis graves conculcacións dos principios democráticos non se abesullan nesa perspectiva, senón noutra ou noutras diferentes. Vexámolo.

Primeiro e fundamental: **non existe un poder legislativo parlamentar na CE**. As normas xurídico-políticas con forza de lei establécenas o Consello e a Comisión europeos, ou sexa, o "poder legislativo" resulta exercido polo "poder executivo" -e non é un simples xogo de palabras, aínda que esas normas non se podan chamar leis mesmamente polo que acabamos de explicar, ou que por simples prurito farisaico non se denominen así. Ao sumo, no mellor dos casos e para certos eidos de actuación, as decisións normativas tómanas combinadamente o Consello, a Comisión e o Parlamento europeos -e de aí a creación do xa mentado "Comité de conciliación", no que por certo **a metade** dos membros designaos o Consello, e só a outra metade o Parlamento (véxanse art. 189 a 198 do Título II do TUE) . Este é o primeiro rasgo **subversor** da democracia nas institucións da CE.

Segundo e tamén fundamental: **as normas que dita o poder executivo da CE (Consello) prevalecen por riba das leis aprobadas polos Parlamentos ou poderes legislativos dos Estados**, e por conseguinte **subverten ou conculcan as ordes constitucionais democráticas vixentes** nos mesmos. **Isto equivale a reducir a cinzas a soberanía popular e o seu exercicio mediante a democracia representativa**. Nefeito, nos réximes democráticos que nestas latitudes sempre se nos poñen como modelo único de democracia asumíbel, **os cidadáns elixen as súas cámaras de representantes para que legislen**, e para que logo os gobernos executen as leis axustándose a elas -e de aí que os comicios convocados para tal fin adoiten denominarse **eleccións legislativas**. Pois ben, na CE, **nin o Consello nin ningún dos seus membros foi elixido para legislar**, e a ningún nivel (nin autonómico, nin estatal, nin europeo). Resulta un tentado de gastar a brincadeira de que seguramente por iso o dereito a ser elector e elixíbel atribuído polo TUE á **ciudadanía europea** se limita ás eleccións municipais e ás do Parlamento europeo: as dúas precisamente nas que non se elixe nin se é elixido para legislar, a diferenza das eleccións para os parlamentos autonómicos e estatais. En todo caso, o feito que denunciámos neste apartado resulta evidentemente moito máis grave para os principios democráticos que o do traslado de competencias ou mesmo de cotas de soberanía das instancias estatais ás da CE, no que adoita centrarse a crítica do referido "déficit democrático".

Terceiro, e non menos grave para nós, os galegos: as cámaras legislativas autonómicas , e tamén os gobernos -entre nós, Parlamento e Xunta de Galiza- fican reducidos a comparsas "rexionais" no decorado da cena política europea. Noutras verbas, o Estatuto de Galiza, se xa non era máis que unha carta outorgada polas Cortes españolas, convértese de vez en papel mollado: pódeno enviar ao Museo Británico a facerlle compañía á famosa Carta Magna do infeliz Xoán sen Terra, protomártir da arqueoloxía parlamentar.

E todo isto só no tocante á **democracia representativa**, pois se esculcásemos no que acontece coa **democracia participativa** veríamos ir transparecendo e emergullando progresivamente o feitío da soturna faciana do fascismo, o totalitarismo e o Estado policial . Non o faremos nesta ocasión, mais algo cumprirá dicir, con todo, a respecto do réxime policial que se deseña no TUE.

4.- Unha política policial e de xustiza represiva cara dentro e xenófoba e racista cara fóra.

O TUE dedica todo un apartado á política de seguridade interna: é o Título VI , que contén as "disposicións relativas á cooperación nos ámbitos da xustiza e dos asuntos do interior". En esencia tratase da creación de dous aparellos de control dos cidadáns: a Europol (unha unión europea de policía), e máis un banco de datos ou "fichas" de toda a cidadanía de toda a CE, centralizado ao dispor da Europol e do aparello de xustiza. **Ningún deses dous aparellos estará sometido a ningún control democrático.**

Un político progresista portugués comentaba hai pouco con ironía que "ser cidadán da Europa é tido como cousa fina e importante" polos propagandistas do TUE, que fan abrollar así, nos cidadáns portugueses do común, sedutoras ilusións a respecto dun privilexiado status como europeos. "só que -engade- por detrás das ilusións, os fautores da unión constrúen o seu reverso: un sistema policial de control dos cidadáns, dentro dunha Europa fortificada, xenófoba e fechada ao mundo.

O Tratado de Maastricht, neste senso, non fai máis que recoller e consagrar o que xa se establecía nos chamados Acordos de Schengen de 1985, concluídos daquela entre soamente algúns dos países da CE, e máis os da convención de Dublín, que xa prevían a creación do banco de datos ou fichas policiais dos cidadáns, un servizo de informacións Schengen (SIS), a promoción da vixianza dos cidadáns, a actuación transfronteiriza das policía de calquera Estado, e así seguido. Mais tamén se establecían en todos eses acordos, recollidos e carimbados no TUE, disposicións racistas e xenófobas cara fóra, elevadas ao rango de normas de obrigado cumprimento para todos os países e

Estados membros da CE, con restricións entrada de estranxeiros cidadáns de países alleos á CE (os chamados "terceiros países" no argot europeo), restricións asimesmo á concesión do dereito de asilo, coa contrapartida agravante de facilidades adicionais pasa a extradición e máis para a expulsión de cidadáns de calquera país.

É patente que, se contrapoñemos o tratamento dado polo TUE aos temas de política laboral e social, excluídos, como xa vimos, do texto articulado do Tratado e relegados a un simples Protocolo anexo que non ten portanto forza de lei, coa inclusión, en troques, da temática policial e represiva nese texto articulado, adicándolle todo un título dos sete de que consta no TUE, a asimetría resultante é dunha elocuencia estarrecedora -ou debe resultar estarrecedora para calquera cidadán demócrata e progresista e para calquera forzas sindicais, sociais ou políticas sinceramente democráticas.

Pero ademais, esa asimetría resulta escandalosa incluso a respecto da configuración da cualidade de cidadán europeo (a "cidadanía europea") no TUE. Poñamos por caso

o Sur do Estado francés, ou o Estado alemán, onde residen dende hai anos cantidades enormes de inmigrados magrebís, turcos ou doutros países do Terceiro Mundo. Pois ben, mentres calques cidadán de calquera outro Estado europeo que alí resida, por pouco tempo que leve, aínda que non traballe e viva de rendas, poderá ser elector e elixíbel nos comicios municipais ou ao Parlamento europeo, equiparado ao cidadán do Estado en cuestión, os magrebís, turcos e demais "parias" inmigrados do Terceiro Mundo que se cadra levan decenios residindo e traballando, alimentando ao aparello produtivo desas economías, talvez con fillos maiores de idade xa, nados nese Estado e convertidos en cidadáns do mesmo, non poderán, eles, ser nin elixíbeis (candidatos) nin sequera eleitores neses mesmos comicios. Pior aínda: en calquera momento poderían ser expulsados se as normas que dite a "Europa das policía" así o acordan. Resulta absolutamente medieval: só faltaría, para ser literalmente feudal, que eses infelices inmigrados estivesen sometidos ao dereito dos seus amos sobre das súas "vidas e facendas" incluído o dereito de pernada. Pois esta é a democrática Europa da modernidade e da postmodernidade, do inmediato futuro a partir de Maastricht.

A merma da soberanía dos Estados neste terreo si que resulta incríbel, por non dicirmos xa a violación que supón de calquera orde constitucional democrática. Mais non é sorprendente que os Estados consintan tal cousa. Pola contra, son cómplices conscientes. Nefeito, é doado decatarse de que Estados como o alemán e o francés, denantes referidos como exemplos modélicos desta situación, que teñen, na actual conxuntura de crise que se prolonga dende hai xa bastantes anos, serios problemas coa forza de traballo inmigrada -e non só económicos, senón sociais- poderán agora, coas normas do TUE, resolveren desaprensivamente o problema sen sequera teren que dar a cara como tais Estados ou gobernos e parlamentos deses Estados: resolveránllelo o Consello, a Europol e o aparello de xustiza da CE dende Bruxelas.

Ademais destes aspectos totalmente rexeitábeis do Título VI do TUE, despréndense del consecuencias moi graves para Galiza e as galegos: esa "Europa das policía" está deseñada tamén para controlar e reprimir especialmente aos movementos e organizacións sindicais, sociais e cidadáns que verosimilmente terán que desenvolver un importante labor de mobilización e organización dos traballadores e as camadas populares na súa propia defensa fronte á drástica política económica monetarista e antisocial que o Tratado establece. Neste contexto, complétase a percepción da alarmante gravidade que reviste o feito, xa referido, de que queden excluídos de calquera caste de compromiso de política social común precisamente temas como os salarios, os dereitos de asociación e sindicación dos traballadores e demais xa vistos.

5.- Unha política exterior militarista, de xendarme do imperialismo.

Maastricht consolida tamén a política militar e armamentística europea seguida pola OTAN, como se comproba nas declaracións relativas a "o ámbito da política exterior e seguridade común". Afortálase un piar militar ao servizo da estratexia planetaria dos USA, e que proxecta e continúa nesta alianza a súa política agresiva a respecto do Terceiro Mundo. O papel servil desempeñado polos Estados da CE cando da invasión de Iraq e a Guerra do Golfo decretada unilateralmente polos USA, mesmo á marxe das Nacións Unidas, repetírase cando cadre e compra.

Só hai dúas variantes na actitude dos diferentes Estados da CE ao respecto. Unha é a liderada pola Gran Bretaña, de puro continuísmo no vieiro da OTAN. A outra, preferida polo eixo franco-alemán, tentaría desprazar o centro de gravidade do estaribel militar cara a UEO, na que ese eixo sería o pivote dun bloque europeo de defensa que lle permitise dotarse de armamento propio e potenciar unha industria armamentística autónoma a respecto dos USA: algo así como reactualizar a liña da política de defensa encetada por De Gaulle nos anos 60. Mais, en todo caso, unha declaración adicional do TUE despexa calquera dúbida, o sinalar que "a UEO afortalará o piar europeo da Alianza Atlántica".

Constitúe un erro grave afirmar, como é usual, que a desintegración política do bloque dos países do Leste europeo e do pacto militar de Varsovia puxo punto final política de bloques no planeta. Esa política, no fondo, prosegue, só que transformada na plena e aberta hexemonía **dun só bloque**: o do conglomerado imperialista comandado aínda hoxe, política e militarmente, polos USA. Fronte a ese inmenso e compacto poder só está a diáspora do Terceiro Mundo, da periferia próxima ou lonxana, interna ou externa ao núcleo dese bloque militar, político e económico. Un poder que agora pode actuar, e actúa de feito, sen linde nin pexa ningunha, ao xeito dos grandes grupos que, no plano económico, oligopolizan a demanda dos produtos primarios para a súa transformación industrial e distribución, fronte á miríade de pequenas explotacións agrarias paisanas.

É dicir, un poder que actúa, no plano político e militar, ao xeito en que, no plano económico, operou decote o modo de produción capitalista a respecto das súas contornas precapitalistas en todo o mundo: hai unha plena congruencia e correspondencia entra a lóxica e as leis de comportamento que rexen esa dialéctica nos planos de actuación económico e político -e xa que logo no militar- do imperialismo. A CE, co TUE, aposta naturalmente por esa lóxica e esas leis de comportamento e, na súa estratexia cara o exterior dela mesma, amosa sen recato a fosca faciana do poder máis desaprensivo do planeta nesta hora.

En suma, tamén por todas as conclusións que se desprenden desta análise da faciana política dos Acordos de Maastricht, o BNG ten a obriga ética e política de denunciar o TUE e combater a súa aplicación en Galiza e no espazo do conxunto dos pobos e nacións que dan contido e identidade a Europa.

Santiago de Compostela, setembro de 1992.

** Fixen transcripción dunha fotocopiado orixinal mecanografado, mantiven todos os modismos e variantes non normativas. Só varía a numeración das páxina, algunha marxess e o tipo de letra. M.L.R.*